

San Xosemaría Escrivá e Tui

San Xosemaría estivo varias veces en Tui. Alí entrevistouse con Sor Lucia (unha dos pastorcillos de Fátima), que apoiou o comezo do Opus Dei en Portugal. O Fundador mantivo tamén grande amizade con Fray José López Ortiz, Bispo de Tui de 1944 a 1969.

17-06-2008

Fray José López Ortiz, agustino, nomeado Bispo de Tui o 10 de xullo de 1944, coñecera a Xosemaría

Escrivá na Facultade de Dereito de Zaragoza en 1924. Anos despois, xa en Madrid, faloulle con detalle do Opus Dei, fundado en 1928. López Ortiz, que obtivera entrementres unha cátedra de Historia do Dereito, formou parte do tribunal que xulgou en 1939 a tese doutoral de San Xosemaría. A partir de entón, a amizade nacida en Zaragoza fíxose intensa, como se comproba nunha abundante relación epistolar.

San Xosemaría viaxou a Tui a comezos de febreiro de 1945. Acompañábao don Álvaro del Portillo. Mons. López Ortiz invitounos a hospedarse no Pazo Episcopal. E pregou a Sor Lucia - estaba entón no convento das Doroteas- que acudise a Pazo para falar co fundador do Opus Dei.

Despois desa entrevista, resolvéronse os trámites para a primeira viaxe de san Xosemaría a Portugal, tamén con

algunha xestión da propia Sor Lucia. Alegrouno moitísimo, segundo o testemuño de don Eliodoro Gil Rivera, secretario do señor bispo. Fray José e o seu secretario acompañárono a Fátima, Lisboa e Coimbra. Antes de saír, san Xosemaría preguntou con cariño a sor Lucia se quería algo para a súa familia, á que vería pouco despois. Don Eliodoro recorda que ela non pediu nada, pero lles levaron un pequeno obsequio: "*Cando regresamos de Portugal, Sor Lucia quixo ver ao Padre, de novo, para agradecerllo*".

Fray José sería co tempo a primeira testemuña que declarou na causa de canonización de San Xosemaría, ante o Tribunal constituído en Madrid. As súas apreciacións sobre as virtudes do Servo de Deus baseábanse loxicamente naquel trato directo.

Tamén sor Lucia deixou testemuño das súas entrevistas, tras a morte de Xosemaría Escrivá en 1975: *"Todas tantas veces falei con Mons. Escrivá saquei a impresión de que era unha alma chea de amor de Deus e de amor a Nuestra Señora, á Santa Iglesia, ao Santo Padre e ás almas, que trataba de salvar a todos con todos cantos medios dispoñía. Espero que no ceo, preto de Deus e da Virxe, se acorde de min"* .

San Xosemaría estivo en Tui noutras ocasións. A última, o 24 de xullo de 1961, tras visitar a don Leopoldo Eijo e Garay, bispo de Madrid, que pasaba uns días en Vigo. Falou con el da próxima ordenación na súa diocese de novos sacerdotes do Opus Dei. San Xosemaría aproveitou a viaxe para ver en Tui a don Eliodoro Gil, que tan xenerosamente axudáralo dende os comezos da Obra.

Do 2 ao 13 de xuño de 2005,
celebrouse no Centro de Exposicións
e Promoción de Tui unha exposición
sobre a Vida e as ensinanzas de san
Xosemaría Escrivá, que foi visitado
por grande número de persoas. No
acto de inauguración interveu o
Excmo. Sr. Alcalde da cidade.

.....

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/san-xosemaria-escriva-e-
tui/](https://opusdei.org/gl-es/article/san-xosemaria-escriva-e-tui/) (01-03-2026)